



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#), retomando neste boletín outra das [grandes iniciativas](#) que se desenvolven no marco do Programa: as [Asociacións Europeas para a Innovación \(EIP\)](#).

As EIP comprenden toda a cadea de valor dende a investigación á innovación e pretenden integrar e coordinar mellor a todos os actores do sistema de I+D+i e a todos os niveis, europeo, nacional e rexional.

Os seus obxectivos principais son dous: afrontar grandes retos sociais e facelo mediante a mellora da competitividade europea no actual contexto de globalización e restricións orzamentarias.

Na práctica, pretenden que os resultados da investigación se traduzan en innovacións que cheguen ao mercado a través de:

- a definición dunha visión común e a mobilización dos recursos necesarios para a consecución de innovacións que supoñan un avance.
- a redución notable do ciclo de innovación ata a chegada ao mercado dos resultados de investigación, creando novas oportunidades de negocio.
- a superación da fragmentación de esforzos e a redución da complexidade da contorna innovadora.

Trátase de iniciativas de posicionamento estratéxico para todos os actores que queiran formar parte das mesmas, sen financiamento asociado, aínda que para a implementación dos seus plans estratéxicos se apoian nos programas europeos de I+D+i.

Actualmente están implementadas as seguintes EIP:

- [Active and Healthy Ageing](#)
- [Agricultural Productivity and Sustainability](#)
- [Raw Materials](#)
- [Smart Cities and Communities](#)
- [Water](#)

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

Ata o próximo xoves!